

PORTADA

Fotografía correspondiente a la presentación del nº 1 de Lvcensia en 1990 publicada en el diario «El Progreso». De izquierda a derecha Manuel Castro Gay, rector del Seminario, Antonio Calvo Varela, delegado de Cultura, Enrique Fernández González, vicepresidente de la Diputación, fray José Gómez, Obispo de Lugo y Gonzalo Fraga Vázquez, director de la revista. Autor J. Vázquez.

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN



Edita: Biblioteca del Seminario Diocesano de Lugo

Depósito Legal: LU 855 - 1990

ISSN 1130-6831

Imprime: La Voz de la Verdad, Lugo



BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO

N.º 60 (Vol. XXX)

LUGO, 2020

Coleccionismo privado e coleccións incorporadas aos fondos do Museo Provincial de Lugo: orixe e contexto¹

Por *AURELIA BALSEIRO GARCÍA*

Introdución

A historia institucional do Museo Provincial de Lugo está, como todos os museos, indisolublemente ligada á orixe, formación e evolución das súas coleccións; así mesmo, as transformacións museográficas derivadas da súa posta en escena expositiva amosan os discursos aplicados ao longo do tempo. Doutra banda, a súa tipoloxía² de museo multidisciplinar ademais da localización nun edificio histórico³, obriga a ter en conta o binomio continente e contido como un reto para desenvolver en función de variables propias e alleas⁴.

1 Este traballo de investigación ten como base a comunicación titulada «Coleccionismo na historia do Museo Provincial de Lugo: do privado ao público» presentada pola autora no III Foro Ibérico de Estudos Museolóxicos. Historia de los museos. Historia de la Museología celebrado no MAN, Madrid do 18 ao 19 de outubro de 2019 cuxas actas tamén serán publicadas.

2 A tipoloxía dun museo ven definida polas características das súas coleccións aínda que os seus bens son polisémicos e simbólicos no sentido de portadores de significación (semióforos) (Pomian, 1987). A orixe dos museos provinciais como conservadores do patrimonio cultural está relacionada cos procesos de desamortización, creándose sobre todo a finais do s. XIX pero tamén no primeiro terzo do XX.

3 O antigo convento de San Francisco sito *intra muros* na praza da Soedade da cidade de *Lucus Augusti*.

4 Reto que comparte con outras infraestruturas culturais onde se conservan bens patrimoniais de carácter moble de orixe pública ou privada. A este respecto recentemente celebráronse unhas xornadas no Consello da Cultura Galega tituladas «*O patrimonio moble, entre o comunitario e o pri-*

Actualmente, o patrimonio moble do noso museo continúa organizado en tres seccións principais: Arqueoloxía/Historia, Belas Artes e Etnografía/Artes Decorativas, sendo esta diversidade a súa característica e atractivo principal, trazo compartido con algunhas coleccións particulares clasificadas tamén en varias disciplinas e, por tanto, contextualizadas en distintos campos unha vez ingresadas entre o conxunto patrimonial museístico.

O MPL, desde a súa creación en 1932, é unha institución⁵ onde destacaron os depósitos e doazóns particulares no incremento ou desenvolvemento da súa colección corporativa. Con todo, existen ingresos que en orixe xa conformaran coleccións privadas, polo que, neste caso, o obxectivo deste traballo baséase en mostrar os principais conxuntos de bens culturais, en orixe pertencentes a coleccionistas concretos, posteriormente incorporados a este museo, así como a súa forma de ingreso, integración ou adaptación entre as coleccións museísticas propias.

Nas coleccións de formación externa⁶, maiormente ingresadas por doazón e depósito, prima o interese ou o gusto do coleccionista orixinal aínda que, no noso caso, sexan tematicamente bastante coherentes, co cal máis doadas de adaptar á mostra estable do museo se fora posible a súa exposición.

Dentro dos exemplos ou experiencias do MPL sobre a adaptación de coleccións privadas á dinámica de fondos propios, destacaremos algúns exemplos senlleiros seleccionados en función da súa concepción como un conxunto homoxéneo ou coherente de obxectos ou bens mobles reunido de forma consciente por parte dunha persoa física e diferenciándoos doutras adquisicións, depósitos ou doazóns esporádicas de benfeitores privados que contribúen, continua ou ocasionalmente, ao incremento de fondos con novos ingresos.

Sobre o fenómeno do coleccionismo, as súas motivacións, impulsores e desenvolvemento histórico, así como a súa vinculación coa revalorización

vado» (Santiago de Compostela, 22-23 de outubro de 2019) donde esta autora deu unha ponencia sobre coleccionismo privado revertido en público: «Depósito e posterior adquisición da colección Gil Varela no Museo Provincial de Lugo». <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200887>

5 Dependente da Deputación Provincial de Lugo.

6 De forma xeral seguimos a definición de colección de cultura material como un agrupamento de obxectos que forman un conxunto coherente e significativo reunidos por unha persoa que conscientemente escolle, conserva e acumula dito conxunto.

e protección do patrimonio cultural, ás veces, mesmo, co seu espolio, ou coa aparición dos museos⁷ e demais institucións culturais, existe bibliografía *ad hoc*, pero a pequena escala ou a nivel local, a historiografía é máis ben escasa.

En xeral, a deriva das coleccións desde o seu inicial fundador, adoita rematar na venda por parte dos herdeiros, nalgúns casos fragmentándoas, ou na transmisión a institucións públicas tipo museos. A súa influencia no devir histórico dos museos é máis importante do que poida aparentar, por suposto sempre en función da cantidade e calidade da colección. Así mesmo, a súa contextualización e adaptación require dunha análise, estudo e configuración concretos que poden reverter en transformacións museolóxico-museográficas importantes.

A finalidade principal desta achega é contribuír ao coñecemento do fenómeno do coleccionismo a nivel local, visibilizando tamén ao coleccionista como persoa física⁸, para poñer en valor a súa incidencia na historia do MPL e, en consecuencia, tamén dentro do ámbito museístico galego nos últimos noventa anos porque, segundo o Código de Deontoloxía do ICOM, «a misión dun museo é adquirir, valorizar e preservar as súas coleccións co fin de contribuír á salvagarda do patrimonio».

Apuntamentos sobre colección, coleccionismo e coleccionistas

Sobre a definición de colección, a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural Gallego cap. 1 art. 8.2 establecía que «*Os bens mobles declarados de interese cultural poderán selo de forma individual ou ben como colección,*

7 Poderíamos dicir que o coleccionismo é a orixe dos museos posto que historicamente o museo como institución orixinada a partir do s. XVIII confórmasse en base a coleccións particulares, reais, nobres ou de persoeiros ilustres. Barril (1993:171) establece a diferenza entre o museo e as primeiras coleccións particulares en base aos criterios de ordenación dos obxectos que a compoñen; os primeiros aplican criterios subxectivos que poden ser estéticos, de curiosidade e ás veces científicos, mentras que nos segundos dispóñense en base a métodos científicos: cronolóxicos, culturais, xeográficos, históricos, etc. As súas finalidades tamén varían ao longo do tempo, pero a misión dos museos modernos pretende a conservación, educación, exposición e investigación mentras que a das coleccións particulares, en xeral, é a satisfacción estética ou científica do seu creador ou poseedor.

8 A pesar da súa relación e importancia, non se pretende analizar neste intre o coleccionismo institucional, público ou privado, de entidades ou colectivos que tamén poden aportar os seus bens culturais aos museos, tampouco se tratarán os conceptos de público e privado desde o punto de vista xurídico-patrimonial, a pesar da interesante casuística legal e administrativa do paso do patrimonio moble privado ás institucións públicas ou da tutela administrativa sobre os bens mobles privados.

entendida esta como o conxunto de bens agrupados de forma miscelánea ou monográfica, previo proceso intencional de provisión ou acumulación», conservando a súa esencia na actual Lei 5/2016 do 4 de maio do PCG onde no Artigo 11. Especialidades dos bens mobles, di: «... poderán selo de forma individual ou como colección, entendida esta como o conxunto de bens agrupados nun proceso intencional de provisión ou acumulación de forma miscelánea ou monográfica».

O coñecemento das coleccións tamén pasa polo estudo da figura do coleccionista, a súa visibilidade, traxectoria, paixón... Iso contribúe á definición da propia colección porque os obxectos reunidos falan do suxeito acaparador e os seus intereses poden ser estéticos, científicos, económicos ou de prestixio ou, mesmo, unha serie de combinacións de varias finalidades⁹.

Co Humanismo, a partir do Renacemento, nas coleccións o obxecto estímase non só polo seu valor material ou simbólico, senón tamén polo seu valor estético, histórico ou a súa rareza, engadindo un valor formativo e científico á acción de coleccionar; con todo, este coleccionismo elitista varía a partir do s. XVIII (Barril, 1993:172).

A historia do coleccionismo e dos coleccionistas en Galicia aínda está incompleta, pero na segunda metade do s. XIX, certa estabilidade política e económica propiciou o coleccionismo particular, agora fóra xa dos círculos aristocráticos, por parte dunha burguesía rica pero tamén culta (Acuña, Sáenz-Chas, 2009). Baixo esta premisa estaría, por exemplo, o coleccionista Ricardo Blanco Cicerón, inicial conformador da futura colección Gil Varela de ourivaría¹⁰, ou José Villaamil y Castro. Os conxuntos patrimoniais que reúnen forman unha agrupación miscelánea de pezas que, en estes dous casos concretos, concíbense cunha identidade propia e con relacións de carácter funcional, de contexto, produción ou/e outras.

Entre finais do s. XIX e mediados do XX as motivacións do coleccionismo a nivel local non eran só o prestixio social, o investimento económico ou a

9 O coleccionismo particular a partir de finais do s. XIX e sobre todo no s. XX continúa sendo unha actividade relacionada co deleite estético, o prestixio e a formación, pero engádesse unha característica económica ao considerarse unha inversión e polo tanto, o sistema de acopio e/ou adquisición régúlase legalmente a través de normativas xurídicas donde a Administración intervéñ tamén na propiedade privada de bens culturais de interese público. Nesta época tamén emerxe un comercio derivado desta actividade específica.

10 Trala adquisición por parte de AGV aos herdeiros de Blanco Cicerón en 1971.

mostra de poder, dado que en determinadas persoas como os anteriores mencionados, pódese apreciar un compromiso co patrimonio e un desexo de conservalo e promocionalo dentro do marco dunha conciencia de identidade diferenciadora que inclúe a salvagarda, investigación e a posta en valor dos bens coleccionados vinculados co territorio e a súa comunidade (Balseiro, 2015 c:54).

Normalmente, as coleccións privadas están ligadas aos seus propietarios iniciais e despois, se pasan a dominio público, poden crear fortes vínculos coa comunidade onde radican converténdose moitas veces en símbolos de identidade¹¹, como parte do patrimonio cultural dun pobo, aínda que conserven dalgunha maneira a relación co seu formador inicial (Balseiro, 2015 c:54). Un exemplo claro a este respecto sería a colección de ourivaría antiga de Gil Varela, exhibida no MPL desde 1974, cuxos artefactos arqueolóxicos son iconas da pre e protohistoria lucense e galega. Tras a retirada temporal da colección polo levantamento do seu depósito no ano 2013, prodúcese un debate social e mediático sobre a súa permanencia no territorio de onde proceden e sobre a necesidade da súa adquisición por parte da Administración pública para evitar a súa venda, traslado ou a perda da súa presenza nun museo accesible. Asemade, coñecendo as coleccións e a súa formación, podemos non só aprender o que as propias pezas nos ofrecen por si mesmas, senón tamén a evolución político-social da nación na cal se sitúan e a través dos obxectos contidos nunha colección poden intuírse moitos aspectos do seu propietario orixinal (Barril, 1993:37).

Desde a perspectiva literaria, Oran Pamuk no seu libro *El Museo de la Inocencia* di que os auténticos coleccionistas ao colleitar as súas primeiras pezas nunca pensan onde os levará o que están a facer. Tamén establece unha tipoloxía de coleccionistas: os vaidosos que se enorgullecen das súas coleccións e queren exhibilas e os vergoñosos que ocultan nun recuncho o reunido. O protagonista desa novela, Kemal, apunta que os primeiros son os que pensan que os museos son a consecuencia natural das súas coleccións porque unha colección faise, sexan cales fosen, os seus motivos para iniciala, para ao final exhibila con orgullo nun museo.

11 Poderíase poñer en relación o actual concepto de identidade co de nación desde a Ilustración, pasando polos principios da Revolución Francesa, o concepto de nación para o movemento do Romanticismo, así como a súa influencia na creación dos museos, bibliotecas e arquivos públicos ata o s. XX coa socialización da arte ou os museos de carácter social.

Curiosamente o Museo da Inocencia en Istambul é o primeiro museo que nace dunha novela, ou viceversa. No noso país hai varios importantes exemplos de coleccións particulares convertidas en museos.

Outra motivación «literaria» do coleccionismo aparece na novela *Todos los nombres* de José Saramago: «*Personas así, como este Don José, se encuentran en todas partes, ocupan el tiempo que creen que les sobra de la vida juntando sellos, monedas, medallas... Lo que hacen probablemente por algo que podríamos llamar Angustia Metafísica, tal vez porque no consiguen soportar la idea del caos como regidor del Universo, por eso, con sus débiles fuerzas y, sin ayuda divina, van intentando poner algún orden en el mundo*».

Coleccións no MPL

O Museo Provincial de Lugo en orixe foi denominado como Museo Arqueolóxico e de Belas Artes (Balseiro, 2015a), o que no momento da súa creación (1932) daba conta do seu incipiente contido, sendo os fondos de Prehistoria e Arqueoloxía unha das súas prioridades para reunir e conservar, máxime cando ademais o museo convértese oficialmente en receptor do patrimonio arqueolóxico provincial procedente de escavacións ou de achados fortuítos¹² establecéndose como lugar idóneo para a conservación e exposición do devandito material tal como se especificaba no acordo de creación onde se menciona expresamente que se axuntaría o patrimonio disperso en diversas institucións debido á ausencia de museo provincial durante o primeiro terzo do s. XX.

Con todo, poderíamos considerar que, como o Museo Arqueolóxico Nacional segundo Carretero (2018:29), é un «museo de coleccións» no que primou a adquisición ou doazón de series xa formadas ou de bens culturais procedentes do coleccionismo ou do mercado de antigüidades e tamén influíu nel a ausencia dunha norma explícita de ingreso de coleccións. Pasados os tempos en que non se distinguía entre ben artístico, antigüidade e obxecto arqueolóxico, actualmente a arqueoloxía (engado outras disciplinas) depende dos materiais contextualizados para a súa análise histórica rigorosa, algo que faltou nos ingresos históricos destas institucións.

¹² En 2005 ten que pechase a recepción de novos materiais arqueolóxicos no MPL debido ao límite da capacidade de espazo de almacenamento.

Ao longo da historia do MPL constátase, mediante o Libro de Rexistro, as numerosas entradas realizadas, tanto de bens procedentes de institucións como de particulares. A pesar da importante nómina de benfeitores que entregan bens mobles ao museo, centrarémonos só¹³ en determinadas coleccións que foron formadas cunha vontade particular de integrar un conxunto de bens culturais por parte do seu posuidor e que, ben a través seu ou dos seus herdeiros, terminaron no MPL. Por tanto, seleccionaremos unha serie de destacados exemplos de conxuntos patrimoniais reunidos por coleccionistas concretos que chegaron ao museo integrándose nos seus fondos, pero obviaremos os ingresos realizados individualmente por parte de coleccionistas que, nalgúns casos, poden coincidir con mecenas importantes para este museo, pero as súas achegas prodúcense espaciadas ou dispersas, non como colección. Neste caso de doazóns particulares é necesario citar aos irmáns Antonio e José Fernández López, José López Suárez, Álvaro Gil Varela entre outros coleccionistas e patrocinadores deste museo.

Con respecto ás coleccións de Arqueoloxía, por orde cronolóxica teríamos que sinalar como a incorporación máis antiga a realizada polos herdeiros de Germán Alonso Hortas en 1937 cunha colección de numismática. En 1938 outra doazón da colección particular de moedas romanas de Ramón Montenegro Neira. En 1968 Mercedes Cora Sabater incorpora a súa colección particular de moedas. En 1971 ingresará unha colección de material xeolóxico, malacolóxico e prehistórico de Antonio Taddei e a súa esposa M^a Beira de Claret procedente de Uruguai, a través do seu Museo de Historia Natural e da Embaixada de España no devandito país. En 1979 un conxunto de moedas estranxeiras de Carmen López Bugueiro.

O MPL ten tamén un exemplo de asimilación de colección particular de forma indirecta debido a que no caso da colección do historiador Villaamil y Castro¹⁴, parte do seu conxunto patrimonial ingresou a través do Instituto de Segundo Ensino a principios do ano 1933 e outra parte en 1934 por parte da súa filla, pouco tempo despois da creación deste museo.

¹³ Sobre os benfeitores do MPL ao longo do proceso de formación e incremento dos seus fondos museográficos e documentais, vid. Balseiro (2015b).

¹⁴ (1838-1910). Trala súa morte parte da súa numerosa e variada colección foi distribuída en varias entidades. O depósito realizado en Lugo ao *Instituto de Segunda Enseñanza* trasladouse ao Museo Provincial, pouco despois do acordo de creación (1932), para pasar a expoñerse xa na inauguración da súa primeira sé en 1934.

Podería considerarse colección o conxunto de doazóns realizadas por José Darriba Varela, primeiro a través do propio formador (anos cincuenta e sesenta principalmente) e despois da súa filla Ángeles Darriba Fernández (2016), porque as súas doazóns forman un conxunto de materiais variados, sobre todo arqueolóxicos procedentes do castro de Penarrubia, Orbazai (Lugo), e moedas. Esta revisión histórica de coleccións arqueolóxicas particulares ingresadas no MPL remata, de momento, no ano 2018 coas irmás Elisa e Mercedes González-Moro Zincke que doan unha colección particular de numismática e filatelia.

Porén, a pesar das importantes doazóns dos benfeitores mencionados, tanto diletantes como eruditos na materia, destacan dúas grandes coleccións arqueolóxicas particulares formadas con criterio temático e interese específico por parte dos seus respectivos propietarios: a colección de lucernas de José A. Varela Dafonte e a de ourivaría antiga de Álvaro Gil Varela. Ambas as dúas coa entidade e importancia suficiente como para formar parte da exposición estable de Prehistoria e Arqueoloxía do MPL, de forma monográfica.

A colección de lucernas foi reunida polo diplomático español José Antonio Varela Dafonte durante toda a súa vida e doada no ano 2004 pola súa viúva Sara Álvarez de Miranda. Trátase dunha colección de



Fig .1. Colección de lucernas exposta na sala 28 do MPL.

lucernas de variadas tipoloxías e culturas, procedentes na maior parte da zona de Oriente Próximo que a viúva do doante entregou a este museo. Constitúena 131 exemplares dispostos na sala 28 dentro do percorrido do museo. Cronoloxicamente abranguen desde o ano 2500 a. C. ata o século XV e a súa adscripción cultural divídese en procedencias sirio-palestina, helenísticas, romanas, bizantinas, islámicas e un apartado de varias, co que se pode facer unha ampla panorámica sobre a súa produción e utilización como antigo sistema de iluminación. Forman, por tanto, un conxunto de cultura material de gran interese e aproveitamento socioeducativo, tal como se estableceu no momento da súa presentación pública.

A colección de ourivaría de Gil Varela ingresou primeiro como depósito no ano 1974 sendo posteriormente adquirida aos herdeiros do mencionado coleccionista no ano 2018 (Balseiro, 2015 c). Actualmente o total de corenta xoias foi incrementado na súa exposición estable (sala 8 do MPL) con outras 12 pezas engadidas ás orixinais da colección para formar unha sala específica dedicada á ourivaría antiga do Noroeste peninsular desde o Calcolítico ata época suevo-visigoda. É o único caso no MPL de colección de bens mobles que posúe *per se* a categoría de Ben de Interese Cultural¹⁵, máxima protección legal outorgada pola Xunta de Galicia no ano 2015 por considerala «*un elemento fundamental do patrimonio cultural moble galego tanto polos seus valores culturais, artísticos, históricos e arqueolóxicos, como porque as pezas e materiais que a compoñen forman parte do imaxinario colectivo e identitario da sociedade galega*».

Ambos os dous conxuntos e os seus iniciais conformadores poden considerarse como o resultado do coleccionismo intencionado por parte de persoas que, ben pola súa posición social e/ou económica ou polo seu interese cultural, teñen unha clara vocación de reunir artefactos para o seu deleite, coñecemento e demais motivacións individuais ou sociais. Por conseguinte, nestes dous casos mencionados a figura do coleccionista, a súa traxectoria e a súa paixón vai ligada á colección. Os bens reunidos poderían poñerse en contacto directo coa súa vida, os seus coñecementos ou a súa forma de ser e o interese neses obxectos, ás veces, tamén entra no terreo emocional e intelectual.

¹⁵ Declaración BIC da colección de ourivaría Álvaro Gil Varela a través do Decreto 77/2015 de 21 de maio no DOG Núm. 104 do xoves 4 de xuño de 2015.




Fig. 2. Colección de ourivería antiga exposta na sala 8 do MPL.

Con relación ás Coleccións de Belas Artes, temos un exemplo de colección particular integrada na museografía e o discurso expositivo do MPL entre os anos 1997 e 2009; trátase do marchante, pintor e coleccionista Nelson Zúmel cuxo depósito de obra principalmente pictórica¹⁶, conformou a exposición da parte da ampliación do museo inaugurada en 1997 ata a súa retirada no ano 2008.

Poderíamos incluír ou relacionar co concepto de colección o conxunto de 28 obras de Castelao doadas en 1965 por Álvaro Gil Varela da súa ampla colección persoal de arte galega contemporánea, porque forman un conxunto de debuxos con entidade cualitativa e cuantitativa para definir parte da produción deste creador así como para dedicarlle un espazo concreto no museo.

16 Expoñíanse tanto cadros propios da autoría de Nelson Zúmel como a súa ampla pinacoteca integrada por preto de 200 obras de 70 artistas españois dos ss. XIX y XX entre os que se atopaban Picasso, Ulpiano Checa ou Ramón Tusquets.

Outra casuística excepcional sería a doazón de pintores e/ou gravadores como Castro Gil con 130 obras, parte entregadas por el en 1943 e posteriormente pola súa viúva en 1965; Julio Prieto Nespereira que doa 26 obras súas en 1958 ou Antonio Fernández que lega 21 obras en 1958; a súa particularidade é que son realizadas e doadas polos mesmos artistas ou os seus herdeiros, por tanto, serían froito das coleccións creadas en base á propia produción artística dos seus autores, non do seu afán coleccionista.



Fig. 3. Colección de Arte Africana exposta na sala 29 do MPL.

Dentro das coleccións etnográficas destacaremos pola súa relevancia ao coleccionista lucense Xoán Anllo que doa unha importante colección de arte africana ao MPL no ano 2016. Dado que se trataba dun conxunto patrimonial antropolóxico conformou unha sala monográfica que expón a metade do seu contido¹⁷ estruturado en grandes bloques: mobiliario, regalías, máscaras, escultura e ourivaría. Esta colección reunida ao longo da súa vida en diferentes lugares de Europa e nas súas viaxes a África tamén o converteron nun erudito no tema.

17 Das máis de 100 pezas da colección de arte africana.

Dentro do mesmo departamento de Etnografía/Artes Decorativas, existen outras coleccións como a de bonecas decimonónicas de Elena Pardo Reguera doadas polos seus descendentes nos anos 60.

A colección de José Luis Basanta Campos, doada entre os anos 2010 e 2012 e composta maioritariamente por xoguetes pero tamén por indumentaria infantil, armas brancas e de lume, chapeus, mobiliario, aparellos de cinema, etc.

A colección de Juan López Suárez (Xan de Forcados, médico e filántropo) nos anos 40 e 50 e logo da súa viúva Mariana Castillejo Duarte nos anos 70, quen doou ao Museo gran parte do mobiliario (armarios e camas barrocas, escritorios de Salamanca...) do seu Pazo de Arxeriz e outras pezas de gran valor como as dúas armaduras samurai e filipina¹⁸.

A colección de maquetas de construcións galegas tradicionais, ingresada en 1993 a través dunha adquisición indirecta.

Finalmente, outro conxunto patrimonial monográfico destacado é o constituído pola colección Luís Losada Aizpitarte que doou 31 armas brancas e de lume no ano 2005.

Coleccionistas

Na historia do coleccionismo no MPL non poderíamos establecer unha tipoloxía específica claramente definida de coleccionistas cuxos conxuntos ingresan nesta institución porque existen trazos compartidos como o deleite estético, o afán de coñecemento, a salvagarda ou conservación do patrimonio, outros como o prestixio social ou as posibilidades económicas, que poden confluír nunha ou varias categorías. Nalgúns casos coincidimos con Barril (1993) sobre o seu estudo sobre o coleccionismo no Museo Arqueolóxico Nacional e os tipos de coleccionistas, pero a nivel local aparecen outras variables distintas. Por conseguinte, nesta institución constatamos como características xerais, por suposto con excepcións á norma, o eclecticismo ou a variedade dos bens amareados, a vinculación co territorio e a súa comunidade, o altruísmo, visualizado na primacía das doazóns sobre outras formas de ingreso, e o interese cultural polos bens mobles reunidos sexa desde a diletancia ou desde a erudición.

¹⁸ Actualmente expostas no Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol, Lugo), Rede Museística da Deputación de Lugo.

Un exemplo de coleccionista particular que achega os seus bens ao museo ao longo do tempo en doazóns puntuais sería Manuel Vázquez Seijas, director do MPL entre 1948 e 1982, que tamén entraría dentro da tipoloxía de Barril (1993:179) de eruditos locais, recolectores de obxectos soltos de distintas épocas e procedencias próximas á súa contorna xeográfica; con todo, a diferenza doutros membros da Xunta Reitora do museo que efectuaban ou promocionaban novos ingresos, neste caso poderíamolo incorporar pola súa faceta persoal de coleccionista.

José Villaamil e Castro estaría no grupo de coleccionistas formado por representantes da clase media cun posto social pola súa formación intelectual que se interesa polo patrimonio e os seus bens mobles. Este estudioso reuniu un importante conxunto patrimonial cuxos obxectos arqueolóxicos, de belas artes e de artes decorativas acabaron no MPL trala súa creación en 1932, previo paso polo Instituto de Segundo Ensino como xa comentamos. Desta forma, temos un exemplo de transmisión indirecta institucional¹⁹ e outro de doazón directa da súa filla con unha importante contribución de bens mobles, en ambos casos procedentes do afán recompilador dun coleccionista concreto cuxo conxunto patrimonial transmítese e dispérsase despois da súa morte.

Outro exemplo sería o lucense José López Suárez, máis coñecido como Xan de Forcados, que reúne e posteriormente entrega ao MPL un conxunto importante de pezas onde destaca a colección de mobiliario, patrimonio arquivístico e documental, artes decorativas, etc. que o converte nun doante destacado na relación de benfeitores deste museo en liña coa súa faceta de coleccionista, promotor e defensor do patrimonio cultural.

En terceiro lugar estaría o coleccionista da alta burguesía con medios económicos e intermediarios e/ou contactos que o apoian para incrementar as súas coleccións. Neste caso os seus conxuntos serían tamén un símbolo de prestixio social sen eliminar o seu interese polo patrimonio cultural. Estas coleccións creadas a título persoal en base aos seus contactos diplomáticos, viaxeiros, empresariais ou á

¹⁹ O inventario realizado en 1930 de «*las existencias en las vitrinas-museo del Instituto Nacional de Segunda enseñanza de Lugo*» consta de láminas, reproducións de gravados, fotografías, baleirados de xeso e escaiola, vaixela, cerámicas de época romana, obxectos diversos, etc. En 1932 faise outra relación de obxectos para o Museo provincial que ingresan en 1933, mentras que outro conxunto de obxectos pertencentes á colección particular de José María Villaamil y Castro serán entregados pola súa filla en 1934.

súa posibilidade económica, aínda que postas ao dispor de estudosos, exposicións ou publicacións, poderían exemplificarse no MPL a través de persoas como José e Antonio Fernández López, Álvaro Gil Varela, José Varela Dafonte, Xoán Anllo... cuxas achegas ao MPL, ben en sucesivas doazóns ou ben en forma de contribucións concretas de patrimonio moble da súa propiedade, foron moi importantes no incremento dos fondos museográficos.



Fig. 4. Villaamil y Castro, Antonio Fernández López, Xoán Anllo, Prieto Nespereira, Antonio Fernández, Xermán Alonso, Nelson Zúmel, Xan de Forcados, Castro Gil, José Varela, Vázquez Seijas, Álvaro Gil (de esquerda a dereita e de arriba a abaixo).

A miúdo, nos anais do MPL tamén se constata un tipo de coleccionismo a pequena escala realizado por persoas que reúnen conxuntos de pezas dunha disciplina concreta que posteriormente ceden ao MPL como o realizado en 1957 co ingreso de materiais arqueolóxicos do conxunto monumental de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo) reunidos por Nicandro Ares Vázquez; o do arqueólogo Manuel Chamoso Lamas, de materiais

cerámicos de diversa tipoloxía e procedencia, ou en 1965 Darío Trashorras con materiais óseos da Cova da Valiña (Lugo). Na parte de Etnografía e Artes Decorativas destacaríamos as devanditas achegas da colección de bonecas de M^a Luisa Reguera ou a de xoguetes de José Luis Basanta, ambas as dúas froito da súa recompilación e provisión persoal. Estes legados ao museo teñen como finalidade principal o seu goce público, a conservación e transmisión ás vindeiras xeracións e/ou o aproveitamento didáctico, e adoitan realizalos na última etapa da súa vida ou a través dos seus descendentes.

Tanto este tipo de coleccionismo de pequena ou mediana entidade patrimonial como os demais, teñen en común a súa variedade; nos casos analizados só hai un exemplo de coleccionista temático entendida esta denominación como un só obxecto coleccionable a través do tempo nas súas diversas manifestacións como o caso devandito da colección de lucernas.

Últimas consideracións

Acerca da integración museográfica de coleccións privadas que pasaron a dominio público, na exposición estable do MPL coexisten dous apartados principais: o conxunto de bens patrimoniais de carácter moble que desenvolven unha coherencia temática, cronolóxica ou contextual e, polo tanto, poden adaptarse ao discurso expositivo de forma individualizada como é o caso da colección de lucernas e a de ourivaría, integradas na sección de Arqueoloxía, ou as obras de Castelao, que teñen unha sala monográfica dentro da sección de Arte e Gravado galego, e os conxuntos que se adaptan de forma xeral integrándose nas coleccións seguindo o seu discurso expositivo e contextual, como o depósito do Museo do Prado²⁰, as obras pictóricas en Belas Artes ou as coleccións de moedas que parte se incorporan á exposición de Numismática mentres que o resto consérvase nas zonas de reserva. Finalmente, a integración da colección de arte africana nun museo provincial resolveuse a través dunha museografía específica en base á museoloxía social, a globalización contemporánea e aos obxectivos dos museos do século XXI de promover unha sociedade actual inclusiva e diversa.

²⁰ Formado actualmente por 30 obras: 28 pinturas e 2 esculturas.




Fig. 5. Publicacións do MPL.

A divulgación e difusión das coleccións do MPL e do coleccionismo pasa, ademais da súa exposición e aproveitamento didáctico, pola promoción individualizada e concreta tanto en liña, web da Rede Museísta Provincial de Lugo²¹, como a través de folletos informativos, catálogos razoados ou mostras temporais ligadas a coleccións e coleccionistas relacionadas co museo²², pero tamén dando visibilidade a outras externas con proxectos concretos pero temporais²³ de diferentes contidos patrimoniais en relación

21 Vid.: <http://redemuseisticalugo.org/galerias.asp?mat=88&g=Castelao.%20bra%20no%20Museo%20Provincial%20de%20Lugo>
<http://redemuseisticalugo.org/galerias.asp?mat=88&g=Colecci%F3n%20Xo%E1n%20Anllo.%20Arte%20Africana>

22 As cinco edicións expositivas temporais da colección numismática do MPL desarrolladas nos últimos cinco anos: <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=3214>, difunden o monto monetario, incluíndo aquel que non se atopa exposto, a razón dunha mostra anual (2015-2020).

23 Exposición da colección da Fundación Alberto Jiménez-Arellano Alonso da Universidade de Valladolid. Vid.: <http://redemuseisticalugo.org/galerias.asp?mat=88&g=0%20cotian%20na%20arte%20contemporanea>; a colección de estampas e postais de Urbano Barrio <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=2819>, <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=2478> (2014) a colección de xoguetes de Quiroga-Monte <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=2609> ou as dúas exposicións temporais da colección de Álvaro Gil Varela: *Pintura galega contemporánea* (2015) <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=2557> e *Paixón pola arte* (2018). Vid.: <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=27&id=2998>

co mesmo tema. Por outra banda, a investigación para o coñecemento destes fondos é outra das bases fundamentais nas que se traballa para proceder co resto dos obxectivos.



Fig. 6. Exposición no MPL da doazón de José Luis Basanta en 2010.

A pesar do afastado contexto de estudo, rematamos esta aproximación ás experiencias do MPL na integración de coleccións particulares citando un artigo das investigadoras suramericanas Irina Podgorny e María Margaret Lopez (2013), lembrando a súa proposta de escribir a historia dos museos incorporando os axentes humanos e non humanos e o conxunto de circunstancias que sustentan os seus éxitos e fracasos porque nos museos, como todas as infraestruturas culturais, rexe a política do poder das relacións urdidas no seu seo e é un desafío escribir estas historias sen un suxeito claro ou facelo incorporando eses axentes e o conxunto de acontecementos que os rodean. Así mesmo, conclúo considerando que a revisión pormenorizada dos elementos involucrados no ingreso e incremento das coleccións das institucións museísticas teñen importancia no estudo do seu presente e, por tanto, no devir da súa historia futura.

Bibliografía

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. SÁENZ-CHAS, B. (2009): «Ricardo Blanco-Cicerón, apunte biográfico» en *Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón*. Xunta de Galicia. Museo do Pobo Galego, pp. 14-23
- ALCORTA IRASTORZA, E.; BALSEIRO GARCÍA, A.; CARNERO VÁZQUEZ, O.: «As, maravedí, real y peseta. Un paseo por la colección numismática del Museo Provincial de Lugo», en *Actas del XV Congreso Nacional de Numismática*. Madrid MAN. Octubre 2014, Depósito Legal: M-36302-2016, ISBN: 978-84-89157-73-6. Editado por Paula Grañeda Miñón. Madrid 2016, pp. 125-142
- BALSEIRO GARCÍA, A. (2012): «O Museo Provincial de Lugo: orixe e relacións coa Comisión Provincial de Monumentos e a protección do patrimonio», *Lvencsia*, vol, XXII, nº 45, Lugo pp. 317-332
- (2015a): «Museo de Arqueoloxía, Museo de Belas Artes ou Museo Provincial de Lugo. Orixe e formación das primeiras coleccións arqueolóxicas do MPL(1932-1957)», en *Férvedes: revista de investigación*, nº 8, Vilalba (Lugo). pp. 445-442
- (2015b): «Un museo agradecido. Homenaxe do Museo Provincial de Lugo ás persoas e entidades que o fixeron posible» en *Lucensia*, nº 51 (vol. XXVI) Lugo pp. 133-156
- (2015c): «Historia dunha colección. Ricardo Blanco-Cicerón, Álvaro Gil Varela e a colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo». *Revista ADRA*. Museo do Pobo Galego, nº 10 pp. 51-64, 2015, Santiago de Compostela
- (2017): «Creación de la colección arqueológica del Museo Provincial de Lugo» en *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* 35/2017 ISSN: 2341-3409 pp. 1545-1557
- (2018): «Intrahistoria edilicia y museográfica del Museo Provincial de Lugo en el siglo XX», *Actas del V Congreso Internacional de Historia de la Arqueología / IV Jornadas de Historiografía SEHA-MAN. Arqueología de los museos: 150 años de la creación del Museo Arqueológico Nacional*. 21-23 de marzo de 2017. Edición de Andrés Carretero Pérez, Concha Papí Rodas (MAN) y Gonzalo Ruiz Zapatero (SEHA). Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, pp. 85-100 (2018) *A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo*, Deputación de Lugo, 2018 (coautora e editora científica)
- BALSEIRO, A., ALCORTA, E., CARNERO, M^a O. (2018): «Creación y ampliaciones del Museo Provincial de Lugo en el siglo XX. Su proyección social y mediática» *Actas V Congreso Internacional de Historia de la Arqueología, IV Jornadas de Historiografía SEHA-MAN: Arqueología de los museos: 150 años de la creación del Museo Arqueológico Nacional*, Madrid. pp. 1383-1388

- BARRIL VICENTE, M. (1993): «El coleccionismo en el Museo Arqueológico Nacional». *De Gabinete a Museo. Tres siglos de historia*. Madrid, MAN abril-junio de 1993 pp. 171-184
- (1993): «El proceso histórico-social en la formación de las colecciones del MAN». *Boletín de la ANABAD*, tomo 43, nº 3-4, pp. 37-64
- CARRETERO PÉREZ, A. (2018): «El Museo Arqueológico Nacional: 150 años de presencia institucional». V Congreso Internacional de Historia de la Arqueología, IV Jornadas de Historiografía SEHA-MAN, pp. 21-42
- PODGORNY, I.; LOPEZ, M. (2013): «Trayectorias y desafíos de la historiografía de los museos de historia natural en América del Sur». *Anais do Museu Paulista: Histórica e Cultura Material*. Vol. 21 no. 1 São Paulo Jan/June 2013 http://www.scielo.br/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0101-47142013000100003 (consulta setembro 2019)
- POMIAN, K. (1987): *Collectionneurs, amateurs et curieux*: Paris, Venise: XVI-XVIII siècle. Bibliothèque illustrée des histoires. Nrf. Editions Gallimard